

GABINETE TÉCNICO DE IGUALDADE



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

11 de outubro, Día Internacional da Nena

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO
SEPE

11 de outubro, Día Internacional da Nena

Este ano conmemórase o décimo aniversario.

Celébrase desde 2012, tras a resolución 66/170 de decembro de 2011 da Asemblea Xeral de Nacións Unidas, co obxectivo de concienciar sobre a situación das nenas a nivel mundial, e contribuír a recoñecer e respectar os seus dereitos, e promover o seu apoderamento.

Falamos de dereitos humanos.

Malia os avances nesta última década, as nenas seguen tendo que enfrontarse a importantes desafíos, de forma especial en determinados países e culturas.

Pero, afortunadamente, elas mesmas están a demostrar que son imparables, que medran fronte á adversidade, que son quen de liderar movementos para lograr un futuro mellor (cambio climático, vivenda digna, fin do racismo, auga potable, igualdade de oportunidades...) e que son recoñecidas como persoas influentes a nivel global.

A modo de exemplos (aínda que hai moitos máis):

- Todo o mundo coñece á Premio Nobel da Paz 2014, a paquistaní **Malala Yousafzai**, e a súa loita pacífica pola educación das mulleres, tras recibir, con 11 anos, un disparo na cabeza por seguir estudando cando o réxime talibán prohibiu o acceso ás aulas ás nenas.
- O planeta enteiro ten visto as imaxes da adolescente sueca **Greta Thunberg**, encabezando, con 16 anos, pacíficas manifestacións xuvenís contra o cambio climático. En España, **Patricia Ramos**, unha estudante de medicina participou, (escollida pola ONU), no cume do clima.
- En Reino Unido, a adolescente **Amika George** leva anos denunciando a pobreza menstrual, e conseguiu que o goberno escocés garantise o acceso gratuíto, e segue loitando por esta causa.
- En Estados Unidos, **Marley Días**, de ascendencia xamaicana, con 11 anos lanzou unha campaña para reunir historias de nenas negras como protagonistas, farta de ver que no colexio só se lían contos protagonizados por nenos/as de raza branca.
- Ata o matrimonio Obama interesouse polo caso de **Payal Jangid**, que, aos 10 anos, rebelouse contra a voda que querían impoñerlle os seus proxenitores, nun país (a India) no que a explotación infantil e os matrimonios forzosos son algo cotián e socialmente aceptado. En 2012 creou o primeiro Parlamento Infantil no seu país co obxectivo de erradicar os matrimonios infantís (obxectivo que acabou logrando na súa comunidade, co apoio de distintas organizacións internacionais que defenden os dereitos da infancia).

E, sen poñer nomes, basta ver os informativos dende hai unhas semanas, nos que diariamente se reproducen as imaxes das protestas en Irán, onde miles de nenas anónimas están a quitarse o veio nas escolas para apoiar a onda de protestas e indignación por todo o país en contra da lei de vestimenta para as mulleres, unhas manifestacións sociais provocadas polo falecemento, en custodia da policía, da moza **Mahsa Amini** tras ser detida por levar mal colocado o veio (e violar a lei do pano na cabeza, segundo a “*policía da moral*”).

Son valentes, son fortes e están sobradamente preparadas para avanzar.

E non só elas, toda a sociedade debe ser consciente de que as iniquidades e as desigualdades de xénero seguen existindo, e en moitos ámbitos: educación, saúde, igualdade de oportunidades económicas, participación política...

É o momento de apoialas, de investir no seu presente e no seu futuro, para lograr erradicar as graves ameazas que perduran sobre os seus dereitos e o seu benestar físico e mental.

E, ademais, de aproveitar o seu potencial, o seu liderado, o seu TALENTO.

Todo o mundo gaña.

É de xustiza. E méreceno.

Para TODAS: Feliz día!